




# Concello da Coruña

Area / Unidade COMERCIO TSQ	Documento 51017I00P4	
Código de verificación  2L4L 6725 2C0W 096L 0R36	Expediente 510/2023/47	
	Data 26-12-2023	

## ACTA MESA LOCAL DE COMERCIO 15.11.23

No Salón Dourado do Concello da Coruña, as 9:30 horas do mércores 15.11.2023, constitúese a Mesa Local de Comercio en primeira convocatoria, cos seguintes puntos na Orde do Día:

1. Presentación dos novos integrantes da Mesa Local de Comercio
2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última reunión de data 08.03.2023.
3. Valoración do proxecto presentado pola asociación de comerciantes solicitantes de subvencións ao abeiro da Orde do 13.04.2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, para o impulso dunha rede de mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN223A):

Asociación de Comerciantes e Empresarios do Mercado das Conchiñas

4. Rogos e preguntas.

### Asistentes

#### **Representación comercial**

Rosa Mena Fernández	Presidencia da Asociación Zona Obelisco
Alba Balsa	Presidencia da Asociación de comerciantes Distrito Mallos
Leonardo Tomé Rodríguez	Presidencia da Asociación de vendedores do Mercado de Elviña
Ángela Barrán Caridad	Presidencia da Asociación do Mercado de San Agustín
Pedro Dafonte Deive	Asociación de vendedores do Mercado Eusebio da Garda
José Luis Boado López	Presidencia da Federación Unión de Comercios Coruñesa
Rosa Otero Graña	Presidencia da Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios

#### **Representación administración local**

Gonzalo Castro Prado	Presidente da Mesa Local de Comercio
Diana Sobral Cabanas	Concelleira de Turismo, Comercio e Hostalería
Manuel Vázquez Martínez	Concelleiro de Deportes
Francisco Dinis Gallego	Concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda
Eva Blanco Sánchez	Coordinadora da área de Fomento e Promoción da Cidade
Ignacio Martínez Dopico	Director da área de Turismo
Rubén Boullón Agrafojo	Técnico Local de Emprego en Mercados

Lidia Blanco Iglesias

Técnico/a Superior de Consumo

### **Representación administración autonómica**

Isidoro Martínez Arca

Xefe territorial da Xunta de Galicia na Coruña

### **Potestativo**

Baltasar López Lamas

Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación

### **Secretaria**

Teresa Somoza Quintero

Xefa de Departamento de Consumo, Mercados e Comercio

A mesa considerase validamente constituída en primeira convocatoria conforme ao disposto no artigo 9 do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio.

As 9:30 h. inicia a sesión o Concelleiro de Fomento e Promoción da Cidade, como presidente da Mesa Local de Comercio, por delegación da alcaldesa, que da a benvinda e agradece aos presentes a súa asistencia, iniciándose a lectura dos asuntos incluídos na Orde do Día.

#### 1. Presentación dos novos integrantes da Mesa Local de Comercio

Para adecuar a composición da Mesa Local de Comercio á nova estrutura do goberno municipal, por mor das eleccións locais de 2023, por decreto de alcaldía de 13.11.2023 noméanse os novos integrantes da Mesa Local de Comercio.

O presidente suxire que se presente cada un dos membros da Mesa, de xeito que todos din o seu nome e cargo ou posto.

#### 2. Léese e apróbbase por unanimidade a acta da última reunión de data 08.03.2023.

Procédese a exposición e valoración do proxecto presentado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios do Mercado das Conchiñas, solicitante de subvencións ao abeiro da Orde do 13.04.2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN223A).

A secretaria da Mesa expón brevemente o proxecto, que se aproba por unanimidade.

Non obstante, fanse algúns comentarios sobre o proxecto. Intervén Angela Barrán para sinalar que non lle parece correcto que se subvencione material funxible xa que este tipo de accións non dinamizan os mercados. O mesmo opina Leonardo Tomé, ao que non lle parece axeitado que a Xunta subvencione estas compras. O representante da Xunta, Isidoro Martínez Arca, indica que o comunicará na Xunta para telo en conta na próxima convocatoria.

Ángela Barrán e Leonardo Tomé recordan a necesidade de respetar a uniformidade na vestimenta dos praceiros, tal e como recolle o Manual dos Mercados Coruñeses, polo que tampouco entenden que se subvencionen mandiles e piden ao concello que sexa esixente neste tema. Sobre o tema tamén incide



# Concello da Coruña

Diana Sobral, concelleira de Turismo, Comercio e Hostalería. A representante de Asociación de comerciantes Distrito Mallos expón que pode ser interesante facer unas charlas sobre o tema. A representante do Mercado de San Agustín indica que tería que haber máis control por parte da conserxería dos mercados.

O representante da Xunta e os do concello coinciden en que teñen que coordinarse, polo que se remitirá á Xunta a normativa relativa á uniformidade das persoas que venden nos mercados.

A continuación, fóra da orde do día, valorase o proxecto do Mercado Eusebio da Guarda, presentado á citada convocatoria de subvencións. En primeiro lugar ratifícase incluír nesta sesión a solicitude do informe. A continuación Pedro Dafonte expón o proxecto que se aproba por unanimidade. Se recorda ás entidades que solicitan subvencións, a necesidade que solicitar con máis antelación os informes da Mesa Local de Comercio.

Finalmente o concelleiro de Deportes e Ángela Barrán falan do interesante que pode ser facer algunha actividade relativa a alimentación saudable e deporte.

### 3. Rogos e preguntas. Non se formulan rogos e preguntas.

Sen máis temas que tratar, as 10:00 h dáse por terminada a sesión agradecendo o Presidente da Mesa Local de Comercio, a súa presenza a todas as persoas asistentes.

A Coruña, na data da sinatura do documento electrónico

A secretaria

Vº e prace do presidente